

Os pronomes persoais

LEMBRA

Os **pronomes persoais** son as palabras que serven para referirse ás persoas sen dicir o seu nome.

Hai tres clases de pronomes persoais: os de primeira persoa (*eu, nós*) utilízanse para nomearnos a nós mesmos; os de segunda persoa (*ti, vós*) utilízanse para nomear as persoas con quen falamos; os de terceira persoa (*el, ela, eles, elas*) utilízanse para referirse ás persoas de quen se fala.

1 Relaciona. A quen se refire cada pronome?

elas

nós

el

vós

eles

ela

Ti e Lois

Os avós

Ana e Eva

Miña nai e mais eu

A pintora

O médico

2 Copia substituíndo as palabras subliñadas polo pronome axeitado.

eles • nós • ela • el • vós

- Que película fostes ver teu pai e mais ti?

- A mestra quere que fagamos un traballo.

- Os seus curmáns teñen unha casa antiga na Fonsagrada.

- Óscar e mais eu imos xogar ao parque todos os días.

- Ramón é o rapaz máis alto da clase.

